


Os 22 orfos coruñeses que levaron a vacina da variola a América



Os nenos foron infectados en 1803 para transportar "in vivo" o remedio en barco e tres deles morreron na travesía

En 1796, [Edward Jenner](#) descubrira os principios da **primeira vacina**. Este médico británico observou que a infección cunha variedade de variola que padecían as vacas inmunizaba ós humanos. Empezaba a loita contra “o máis terrible de todos os ministros da morte”, segundo describiu o historiador británico **Thomas Macaulay**. Unha contenda que concluíu en 1980, cando a **OMS** deu por erradicada a enfermidade en todo o planeta.

A vacina da variola pronto chegou a **Europa**. Pero o problema consistía en levala máis lonxe, nunha época de transportes **lentos** e ausencia de sistemas de refrixeración.

Aquí aparece un médico alicantino, [Francisco Xavier Balmis](#), quen logrou convencer ao rei **Carlos IV** para financiar unha idea revolucionaria: infectar nenos orfos e utilízalos para levar a vacina a América, onde a enfermidade, levada en **1518** polos primeiros

colonos españois, tiña efectos devastadores.

A chamada **Real Expedición Filantrópica da Vacina** partiu da Coruña o 30 de novembro de **1803**. E está considerada un fito na saúde pública, aínda que segue despertando dúbidas éticas. **22 nenos orfos coruñeses** convertéronse así en heroes, levando nos seus corpos a América a salvación para miles de conxéneres. [A enfermeira Isabel Zendal](#), reitora do Hospital da Caridade da Coruña, foi a gran protagonista que coidou dos cativos na súa viaxe.

Unha enfermidade que se cebaba nos nenos

Carlos IV foi moi sensible á expedición. A súa filla a **infanta María Luisa** padecera varíola, unha enfermidade que se cebaba nos nenos, tiña alta mortalidade ou causaba cegueira e desfiguraba os rostros. Unha variedade era tan mortal como o propio ébola.

Segundo a **Real Orde** de 29 de xuño de 1803, “o Rei, celoso da felicidade dos seus vasalos, servíuse resolver, oído o ditame do Consello e dalgúns sabios, que se propague ás dúas Américas e, se fose dable, ás Illas Filipinas, a custa do **Real Erario**, a inoculación da vacina, acreditada en España e en case toda Europa como un preservativo das varíolas naturais,”.

Balmis viu que o único método para transportar o remedio en perfectas condicións era utilizando **seres humanos**. Inglaterra intentara usar vacas, pero non foi posible. E ata entón empregábase o **pus fresco** entre dous cristais, pero cando o produto chegaba a América os virus eran inviables.

Non existía a técnica e **Balmis** tivo a idea. De dubidosa ética, pero efectiva. O médico suxeriu utilizar 22 nenos orfos para que fixesen de transmisores do virus.

Os nenos foron recrutados no orfanato **Casa de Expósitos da Coruña**. Contratouse tamén á reitora deste centro, **Isabel López de Gandalia**. Finalmente, o 30 de novembro de 1803 zarpou do porto coruñés a corveta “**María Pita**” cos 22 nenos orfos; Balmis; 2 médicos asistentes, 2 prácticos, 3 enfermeiras e a reitora do orfanato.

Durante a travesía, Balmis practicaba nos nenos unha incisión cunha lanceta e inoculáballes o virus. Ao cabo de dez días, aparecían uns grans dos que saía o valioso fluído que servía como vacina. Os grans secábanse, polo que o médico tiña que ir **infectando nenos**, sucesivamente.



Pouco despois dun mes, os nenos salvadores chegaron a **Porto Rico**. Dous morreron na travesía: **Tomás Metitón e Juan Antonio**, de tres e cinco anos. E falecería outro máis antes de chegar a México.

Balmis seguiu a recrutar nenos en América

Ao longo de máis de dous anos, a expedición de Balmis foi vacinando nenos ao longo de **América**. Para facelo, seguiu recrutando rapaces de orfanatos, para que transportasen a vacina nos seus corpos. Pouco se sabe do destino daqueles **heroes forzados**, aínda que algúns foron acollidos por familias. Mentres outros remataron en hospicios, ante a incomprensión dalgúns autoridades e o **receo da Igrexa**, contraria á vacinación.

Balmis chegaría ata **Filipinas e Macao**. E a súa historia merecería unha desas películas inesquecibles, de increíbles aventuras. Falouse algunha vez dun filme protagonizado por **Luis Tosar e José Coronado**. Pero o proxecto aínda non callou.

Na Coruña, ante o **Domus**, unhas placas recordan ós 22 pequenos heroes galegos. Algúns entre aqueles orfos chegaron a dar a súa vida para salvar á doutros ante a varíola, a enfermidade que máis mortes causou na historia da Humanidade.



Fuente: <http://www.gciencia.com/historias-gc/os-22-orfos-coruneses-que-levaron-vacina-da-variola-america/>

